

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA, E A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN JAPÓN (FUNDACIÓN JAPÓN, MADRID) PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA RETROSPECTIVA DO DIRECTOR XAPONÉS SHINJI SÔMAI.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)

DECLARA:

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais pretende formalizar coa Fundación Japón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de marzo de 2025.

### **Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

A organización da retrospectiva adicada ao director de cine xaponés Shinji Sômai, a través dun ciclo, "Vientos de juventud", que se compón de sete das súas películas máis representativas, que serán proxectadas na Fílmoteca de Galicia nas datas que se indican:

- TYPHOON CLUB (台風クラブ, 1985) 115 min. DCP, se proyectará el 18.03.2025.
- SAILOR SUIT AND MACHINE GUN (セーラー服と機関銃 / Sêrâ-fuku to kikanjû, 1981) 131min. DCP, se poyectará el 19.03.2025.
- P.P. RIDER (シオンベン・ライダー / Shonben raidâ, 1983) 118 min. DCP, se proyectará el 21.03.2025.
- DREAMY FIFTEEN (翔んだカップル / Tonda kappuru, 1980) 106 min. 16mm., se proyectará el 25.03.2025.
- LOVE HOTEL (ラブホテル, 1985) 88 min. 16mm., se proyectará el 26.03.2025.
- STEPCHILDREN (雪の断章 - 情熱 -, 1985) 100 min. 16mm., se proyectará el 27.03.2025.
- KAZA-HANA (2000) 116 min. DCP, se proyectará el 28.03.2025.

**Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:**

A Fundación Japón, a través da súa sede en Madrid, ten como misión contribuir a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España, para o que leva a cabo programas de presentación da arte e da cultura xaponesas, para a difusión da súa lingua, de estudos xaponeses e de intercambio intelectual.

Pola súa parte, a Axencia Galega das Industrias Culturais ten por obxecto, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, así como estreitar a coordinación entre as administracións públicas e axentes privados con competencias na materia para incrementar a posibilidade de acadar unha maior calidade e oferta cultural, para o que conta coa Filmoteca de Galicia, unidade encargada da difusión do patrimonio audiovisual.

A Fundación Japón, Madrid e a Agadic, a través da Filmoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva adicada ao director de cine xaponés Shinji Sômai, considerado no seu país como o grande director xaponés xurdido da década dos oitenta, para o que está prevista a proxección dun ciclo das súas películas máis representativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

